



A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA PIDE AOS PARTIDOS QUE ALEGEN EN CONTRA DA RENOVACIÓN DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA A ENCE E ELNOSA

A Asociación Pola Defensa da Ría ven de remitir aos partidos políticos con representación no Concello de Pontevedra un correo electrónico no que se lles solicita unha reunión con representantes da APDR na que se lles poda explicar os aspectos en que as empresas ENCE e ELNOSA están a incumprir a lexislación, xunto con aqueles outros que farían inxustificable a renovación da AAI a ámbalas dúas.

Partindo da base de que existe unha coincidencia absoluta entre todos os partidos con representación no Concello en que ENCE e ELNOSA deben abandonar, o antes posible, a súa ubicación actual en dominio público marítimo terrestre nas marismas de Lourizán, e tendo en conta que as empresas pretenden forzar a súa permanencia, o proceso de renovación das AAI ofrece unha oportunidade para pechar calquera posibilidade de que podan continuar coa súa actividade na Ría de Pontevedra máis alá do 2018. As recentes manobras de ENCE como a contratación dunha equipa de comunicación altamente cualificada que está a intensificar as súas campañas de propaganda de cara a intentar cambiar a nefasta imaxe da empresa e da súa actividade e a facer públicas opinións dos seus dirixentes e persoas afíns, que precisamente expresan a clara intención de permanecer en Lourizán; ou os recursos xudiciais que está a interpoñer fronte ás decisións da Xunta de Galicia que lles afectan como o rexeitamento do proxecto para a construción dunha planta de biomasa ou contra normas que implican a liberación do dominio público que ocupan como as Directrices de Ordenación do Territorio ou o Plan de Ordenación do Litoral abundan nesta intención. Tamén ELNOSA pretende enganar á administración e á cidadanía prometendo a substitución da tecnoloxía de electrólise de mercurio, altamente contaminante, no 2020, para que se prolongue a súa ocupación das marismas polo menos hasta ese ano, e busca vías para conseguilo.

Neste contexto resulta necesario pechar canto antes a porta a calquera posibilidade de permanencia, a potencia económica das empresas, e nomeadamente de ENCE, pretenden presionar e dobregar a vontade das administracións de cara a manterse en Lourizán. A sociedade, e os seus representantes, os partidos políticos, teñen que procurar o cumprimento da lei e así conseguir as melloras ambientais que a Ría de Pontevedra precisa con urxencia.

Nestas reunións cos partidos, a APDR pretende amosarlles os datos de que se dispón na Asociación relativos a vertidos e emisións durante o período de duración da anterior AAI e explicar os argumentos que fan racionalmente imposible a concesión desta autorización ás empresas. Tal e como pretendemos amosar, a contaminación hídrica debida aos vertidos de ENCE segue a estar por riba dos máximos legais e ELNOSA está emitindo grandes cantidades de Mercurio á atmosfera ademais de almacenar en condicións descoñecidas e en instalacións obsoletas grandes cantidades de cloro que supoñen un serio perigo nunha zona densamente poboada. A APDR pretende amosar en definitiva os datos e argumentos que impiden que tanto ENCE como ELNOSA podan dispoñer dunha AAI e pedir aos grupos que soliciten a apertura dun expediente de renovación no que presenten as súas propias alegacións en contra da concesión da Autorización, de cara a pechar definitivamente a posibilidade de permanencia de ENCE e ELNOSA e a o inicio do proceso de desmantelamento destas industrias.

Pontevedra, 15 de abril de 2011

Pola APDR, Benito Andrade.